



Concello
de
Trazo



III CONCURSO DE CARTEIS 25 N “DE FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO”

PREÁMBULO:

O Concello de Trazo convoca o III Concurso de carteis para conmemorar o 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.

Este concurso convócase co obxectivo de mellorar a resposta social fronte as violencias machistas, favorecendo a visibilización e o coñecemento das mesmas, dando así cumprimento ás disposicións do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e ao Plan de Acción das políticas de igualdade de xénero na provincia da Coruña (2019-2023).

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o III Concurso de carteis 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero 2021.

A finalidade deste concurso é fomentar a creación artística e promover valores igualitarios implicando á sociedade no desenvolvemento de condutas que teñan como obxectivo:

- eliminar todo tipo de violencia contra as mulleres
- fomentar a sensibilización, información, reflexión e denuncia sobre as violencias machistas.

SEGUNDA.- Participantes

Poderán participar:

- O alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO do CPI Viaño Pequeno
- demais poboación de Trazo con 16 ou máis anos

As obras poderanse presentar individualmente ou en grupo.



Concello
de
Trazo



TERCEIRA.- Temática

O premio concederáse aos carteis que logren sensibilizar dando visibilidade a esta lacra social, facendo un chamamento á implicación individual e colectiva para rachar co silencio.

CUARTA.- Formato

Medidas: o cartel poderá presentarse en formato DIN A3 ou A4; en folio ou en cartolina.

A técnica será libre (debuxo, pintura, collage,..)

No cartel deberá figurar a lenda “DE FRONTE á violencia de xénero”

A obra non poderá ir asinada co nome.

O idioma empregado será o galego.

QUINTA: Premios

Outorgaranse premios por categorías:

- 1.- Premios para alumnado de secundaria de 1º e 2º ESO: cheque por valor de 100€
- 2.- Premios para alumnado de secundaria 3º e 4º ESO: cheque por valor de 100€
- 3.- Premios para categoría de 16 ata 60 anos: cheque por valor de 100€
- 4.- Premios para persoas adultas de 60 anos en diante: cheque por valor de 100€

O Concello de Trazo resérvase o dereito a facer uso das obras, cedéndolle os/as autores/as os dereitos para que o Concello poida empregala para calquera campaña de sensibilización e información das actividades municipais para a conmemoración do día 25 de novembro.

SEXTA.- Prazo e forma de presentación dos traballos

Prazo: O prazo de admisión das obras será dende a publicación das presentes bases na páxina Web e nas redes sociais do concello até o día 15 de novembro.

Forma de presentación: os traballos entregaranse no sobre 1 pechado. A obra será identificada pola parte de atrás cun título. Dentro deste sobre métese outro sobre



Concello
de
Trazo



pechado (sobre 2) co título da obra no exterior e no seu interior a folla de aceptación dos compromisos da convocatoria cos datos requiridos.

As candidaturas presentaranse no Concello de Trazo ou na conserxería de secundaria.

SÉTIMA.- Composición e actuación do xurado

O xurado estará presidido pola alcaldesa municipal Josefina Suárez López e formarán parte del a técnica de igualdade, a traballadora social e a educadora familiar municipais. Este equipo elixirá as obras gañadoras

A secretaria municipal será a persoa encargada de abrir o sobre (2) da obra que resulte finalista.

O concello resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso podendo chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concorra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Así mesmo, o xurado poderá declarar deserta algunha categoría, no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúne as condicións para ser premiados.

OITAVA.- Prazos de concesión e entrega dos premios

As obras premiadas e a data de entrega dos premios decidirase antes do 25 de novembro e darase a coñecer a través dos diferentes medios de difusión municipais.

NOVENA.-

Non se devolverán os traballos presentados.

DÉCIMA.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



Concello
de
Trazo



III CONCURSO DE CARTEIS 25N “DE FORNTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO”

FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCATORIA

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

Nome e apelidos.

Data de nacemento

Curso:

Enderezo:

Teléfono:

NOME DA OBRA:

Outros datos:

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases, cedéndolle os dereitos para que o Concello de Trazo poida empregar o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades municipais relacionadas coa temática.

Lugar e data _____

(sinatura da persoa participante)

*** Este documento engadirase no sobre pechado (2) depositado no interior do sobre (1) que contén o traballo.**

Trazo, de de 2021

A alcaldesa

Josefina Suárez López